

32,4% das persoas entre 5 e 14 anos non saben falar galego, 16 puntos máis que hai 15 anos

70.891 mozos e mozas entre 5 e 14 anos declararon en 2023 descoñecer absolutamente o galego, segundo os datos que o IGE publica esta sexta feira.

En Galicia, cada vez hai máis nenos e nenas que non saben falar galego. Segundo un estudo do ano 2024, arredor do 30% dos rapaces entre 5 e 14 anos non saben dicir nin unha palabra en galego. Isto significa que máis de 70.000 nenos e nenas non poden expresarse nesta lingua.

Hoxe en día, só o 7% dos nenos e nenas falan sempre en galego, mentres que a maioría, falan sempre en español.

A escola xoga un papel fundamental na mudanza do español polo galego, xa que moitas clases danse principalmente en español. Máis da metade, teñen clases tanto en español como en galego por igual. O 26% recibe as clases maioritariamente en español. Arredor do 3% do alumnado ten todas as clase en galego. Materias como matemáticas, física e química non poden ensinarse en galego por lei.

“Adaptación de Ferreiro X. (2024, 11 de outubro). 32,4% das persoas entre 5 e 15 anos non saben falar galego, 16 puntos máis que hai 15 anos. *Nós diario*.”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)